

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 15 DE MAIO DE 2009.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas e cinco minutos do día quince de maio do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo e D^a. Angeles Díaz Prados.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 07.05.2009.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión realizada o día 07.05.2009.

2.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JUAN JOSÉ VARELA COTELO EN REPRESENTACIÓN DE MANUEL VARELA COLLAZO S.L., CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16.04.2009, DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “URBANIZACIÓN RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA”.

Visto o recurso interposto por D. Juan José Varela Cotel o en representación de Manuel Varela Collazo S.L., contra acordo da Xunta de Goberno Local do 16.04.2009, de adxudicación provisional das obras de “URBANIZACIÓN RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA” (R.E. 1.893/22.04.09).

E tendo en conta o informe emitido polo secretario da corporación o día 12.05.2009, obrante no expediente, cuí os fundamentos, copiados literalmente din:

“Fundamentos:

1.- *Que efectivamente houbo un erro de transcripción da baremación outorgada a Construcciones Valdoviño S.L. no apartado “Incremento de Persoal” ao figurar 1,33 puntos cando debía ser 13,33 puntos, erro que xa consta subsanado no expediente e do que ten coñecemento o recurrente, polo escrito remitido ao mesmo en data 27.04.2009, e que o feito de que ten presentado o recurso o día 22.04.2009, antes de ter coñecemento da documentación (remitida o día 27.04.2009) só se explica por ter recurrido de oídas.*

2.- *En canto á alegación 2^a, a Mesa de Contratación non podía excluír a oferta de Construcciones Valdoviño S.L. por cuestións relativas á Documentación do sobre nº 3, pois a exclusión ou non admisión só pode acordarse no exame da documentación administrativa, se non son subsanables os defectos de dita documentación.*

Ningunha subsanación pide a Mesa respecto ao feito de que explicitase 50 horas/semanais por traballador, máxime cando tal circunstancia non é esixible no prego de condicións. Aceptar este razonamento sería aceptar que habería que excluír a todas as empresas que non fixeron constar o número de horas por traballador, ou que con menor número de traballadores (8) se poda reducir o prazo de execución 1 mes, ou o que propón maior número de traballadores faría menos das 40 horas/semanais.

Vese, pois, que non pode aceptarse tal razonamento, e menos aínda cando non está previsto no prego de condicións.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, procede sentar as seguintes conclusións:

1.- Que procede desestimar o recurso de reposición - aínda que por erro no anuncio do BOP se diu o recurso especial do artigo 37.6 que non procede ao non estar diante dun contrato suxeito a regulación harmonizada - interposto por D. JUAN JOSE VARELA COTELO, en representación de MANUEL VARELA COLLAZO S.L., contra o acordo de adxudicación provisional das obras de “URBANIZACIÓN DA RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA”, adoptado na sesión realizada o día 16.04.2009, por estar claramente acreditado que a puntuación outorgada a Construcciones Valdoviño S.L. no apartado de Incremento de Persoal son 13.33 puntos, e non 1,33 puntos, como dí o recurrente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Desestimar o recurso de reposición - aínda que por erro no anuncio do BOP se diu o recurso especial do artigo 37.6 que non procede ao non estar diante dun contrato suxeito a regulación harmonizada - interposto por D. JUAN JOSE VARELA COTELO, en representación de MANUEL VARELA COLLAZO S.L., contra o acordo de adxudicación provisional das obras de “URBANIZACIÓN DA RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA”, adoptado na sesión realizada o día 16.04.2009, polos motivos expostos no informe anteriormente transcrito.

3.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE “URBANIZACIÓN RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA”, INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSION LOCAL.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16.04.2009, adxudicouse provisionalmente a obra de “URBANIZACIÓN RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA”, incluída no Fondo Estatal de Inversion Local a CONSTRUCCIONES VALDOVIÑO S.L., acordo de adxudicación provisional notificado ao adxudicatario provisional, tal como consta no expediente, e publicado no B.O.P. Nº. 92, de 24.04.2009.

Tendo en conta que, dacordo co establecido na cláusula 22 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, para que a adxudicación provisional sexa elevada a definitiva o adxudicatario deberá presentar, entre outras:

- A relación do persoal mínimo que se vai adscribir ao contrato, que deberá ser nominal e indicando a categoría profesional; asimismo indicarse si a procedencia do mesmo é de plantilla propia ou procedente do desemprego.

Tendo en conta que dacordo co disposto no artigo 135.4 da Lei de Contratos do Sector Público, o adxudicatario provisional está obrigado a presentar, durante o prazo de elevación de adxudicación provisional a definitiva a efectiva disposición dos medios que se houbera comprometido a adicar ou adscribir á execución do contrato.

Atendido que na súa oferta (Documentación técnica- modelo de volume de man de obra a empregar e redución de prazo de execución) Construcciones Valdoviño S.L. comprometeuse a adscribir á execución das obras o persoal seguinte:

- Persoas novas a contratar: 4
- Persoal de plantilla: 15

Tendo en conta que na documentación aportada en data de 04.05.2009 (R.E. 2.090/04.05.09) adscribe ás obras:

- de plantilla: 10 traballadores
- persoas novas a contratar: non especifica o número de catro a contratar (que figura na súa oferta), indicando ademáis que os oficiais electricistas e axudantes (3) serían de Electricidade Mourin .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Non elevar a definitiva a adxudicación provisional das obras de “URBANIZACIÓN RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA” efectuada á empresa CONSTRUCCIONES VALDOVIÑO S.L., por non presentar a documentación relativa ao número de persoal que figura na súa oferta, persoal polo que foi valorada a súa oferta pola Mesa de Contratación.

2º.- Efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes, pola orde na que teñan quedado clasificadas as súas ofertas, e a tal efecto solicitar a súa conformidade, a efectos de efectuar unha nova adxudicación das obras de “URBANIZACIÓN RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA”.

3º.- Sinalar que a orde das súas ofertas é o que consta na acta de formulación de proposta para a adxudicación, polo procedemento negociado con publicidade, das obras incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local de data 3 de abril de 2009, do que resulta ser o licitador seguinte D. Manuel Varela Collazo S.L.

A tal efecto, notifíqueselle o presente acordo a fin de que presente escrito de conformidade.

4º.- Notifíquese o presente acordo a Construcciones Valdoviño S.L.

4.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE “REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN Y DOTACION DE ACERAS Y SERVICIOS EN LA RÚA DE OS CASÁS. MUGARDOS”, INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSION LOCAL.

Transcorrido o prazo legal tras a adxudicación provisional da obra epigrafiada e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS (GAUXS) S.L. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 13.380,34 euros, e presentada a documentación esixida na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación (documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, relación nominal do persoal a empregar na obra) a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a obra de “REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN Y DOTACION DE ACERAS Y SERVICIOS EN LA RÚA DE OS CASÁS. MUGARDOS” incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local, pola modalidade de procedemento negociado con publicidade, á empresa D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS (GAUXS) S.L., no prezo de 310.424 euros, IVE incluído, cuíos datos de adxudicación, tal como se especifica na Resolución do 9 de decembro de 2008, son os seguintes

1- Procedemento seguido para a licitación das obras: Negociado con publicidade

2.- Data adxudicación definitiva: 15.05.2009

3.- Empresa adxudicataria: D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS (GAUXS) S.L.
C.I.F.: B15204522

4.- Importe adxudicación sen IVE: 267.606,90 €

5.- IVA repercutible: 42.817,10 (16 %)

6.- Prazo de execución das obras: Sete (7) meses.

7.- Número total de persoas a ocupar pola empresa adxudicataria:

- Integradas na empresa:6
- De nova contratación: 10

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.432.0.60104 do vixente presuposto, prorrogado do 2008.”

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

Cuarto.- Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

5.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “MEJORA DE INFRAESTRUCTURAS, MUROS DE CONTENCIÓN PERIMETRAL Y EJECUCIÓN DE ZAPATAS PARA SISTEMA DE ILUMINACIÓN ARTIFICIAL EXTERIOR EN EL CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE A PEDREIRA. AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS. A CORUÑA”, INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSION LOCAL.

Tendo en conta a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. JESÚS CRIADO RODRIGUEZ Y OTROS S.C. (CONSTRUCCIONES AXA), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente as obras de “MEJORA DE INFRAESTRUCTURAS, MUROS DE CONTENCIÓN PERIMETRAL Y EJECUCIÓN DE ZAPATAS PARA SISTEMA DE ILUMINACIÓN ARTIFICIAL EXTERIOR EN EL CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE A PEDREIRA. AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS. A CORUÑA”, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local, a D. JESÚS CRIADO

RODRIGUEZ Y OTROS S.C. (CONSTRUCCIONES AXA), no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 116.378 €

B) I.V.E.: 18.620 €

C) Total (A + B): 134.998 €

tendo en conta a necesidade de contratación das citadas obras para dotar ao edificio das melloras que se describen no proxecto técnico e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.452.0.62203 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de cinco (5) días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, isto é, 5.818,90 euros, e presente a documentación esixida na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.”

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e quince minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE